

Faro *da* Cultura

Mal asunto cando, por Europa adiante e superado o referendo escocés, España e o único estado que segue a dubidar da propia identidade. Os soberanistas cataláns –por interese ou de corazón– acadaron levar a ramo, malia os atrancos, un proceso participativo impecable que evidenciou que hai masa crítica dabondo para que en Madrid non acouguen. Pola súa banda, e con timidez e poucos vimbios, o PSOE encetou o camiño da reforma constitucional. Con todo, a actual organización política, territorial e cultural de España está cuestionada, tanto en canto ao modelo territorial como ao dominio que ata agora exerceu iso que chamamos Madrid en tanto que sindicato secular de intereses políticos, administrativos e económicos, máis alá da cidade estrita.

O certo é que o sistema protexido pola constitución de 1978 comeza a ser posto en dúbida por persoas que non formulan as súas análises desde unha identidade cultural distinta á hexemónica. Discrepancias desde os campos da economía e da política, ás que agora se engaden as de Luisa Elena Delgado en *La nación singular* (Siglo XXI, 2014) feitas desde a análise dos factores culturais e da aplicación destes ao discurso político.

E o perpiaño da interpretación que fai esta profesora de literatura da universidade de Illinois, nacida en Caracas, é o dominio do consenso no horizonte español recente, especialmente desde o primeiro goberno de Aznar. E entre as ferramentas que emprega para iso, cómpre salientar as teorías do filósofo esloveno Slavoj Žižek, integrador do lacanismo co marxismo. Aplicar a teoría das fantasías e da imaxinación talvez enfaixa unha análise para a cal abundaría con boa observación, sentido común e capacidade de interpretación.

Con todo, o ensaio aporta novidades interesantes para poder entender esta España que de novo está a cuestionar a súa esencia e a súa identidade. Nese senso, o fío condutor é a articulación dos artefactos culturais unitarios e unitaristas empregados polo patriotismo español para deseñar e definir a tal identidade. Nese senso considera que vivimos nun estado de excepción normalizado dominado por un consenso sos-

*A autora emprega
algúns dos tótems
da modernidade
cultural española*



Capa dunha caixa de tabacos do ano 1888.

Singular España

De consensos e camuflaxes

JOAQUIM VENTURA



A ensaísta e profesora
Luisa Elena Delgado.

tido por un cómputo equivocado: “entender que son tódolos os que (xa) están e que (xa) están todos os que son”.

Na súa análise, Luisa Elena Delgado emprega algúns dos tótems da modernidade cultural española e a presenza neles do discurso monoglósico castelán e o esquecemento da pluralidade cultural e lingüística galega, catalá e vasca (como sucede incluso en discursos da modernidade, como sería o caso de Todo sobre mi madre, de Almodóvar, rodada en Barcelona e na cal a aparición do catalán non chega nin a anécdota). Non habería patriotismo constitucional (no senso dado por Sternberger e Habermas) senón unha apelación constante a unha idade dourada pasada (que no terreo cultural o PP sempre sitúa no Barroco; de raiceiras castelás, naturalmente).

Sen entrar na cerna da apropiación da política que fomenta o apoliticismo (como herdanza do franquismo) e a Transición como mito fundacional, Luisa Elena Delgado salienta a ausencia dun patriotismo cultural plural fronte á “marca España” de expresión monolingüe, como se só houbera unha maneira de ser español (crítica que desde o discurso único se fai aos nacionalismos non estatistas) e un único xeito de proxección universal.

Unha cultura dirixida e dirixista, empregada como argamasa da suposta identidade común e que apenas permite outras manifestacións alleas que as baleiras, como a Cidade da Cultura ou o Palau de les Arts. Unha política que proclama o multiestatalismo do castelán (incluso nos Estados Unidos) mentres limita e fracciona as outras linguas españolas aos estritos ámbitos autonómicos.

*Delgado denuncia
unha cultura
dirixida e dirixista*



A bandeira española na
Plaza Mayor (Madrid).